

Prezado/a amigo/a,

de novo a Concellería de deportes dinamiza o **CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO** co obxectivo de ordear e operativizar as necesidades vinculadas co desenvolvemento dos eventos deportivos da cidade, poñendo en valor as actividades e coordinando e atendendo as necesidades operativas.

Nos tres anos do proxecto, o calendario desvelou o gran potencial do tecido asociativo deportivo da cidade para a organización de eventos deportivo, e a necesidade de propoñer un proxecto unificada e coherente orientado a establecer os criterios de calidade e seguridade óptimos

Así mesmo, e ao obxecto de prever as posibles necesidades vinculadas cos recursos municipais materiais e os recursos humanos relacionados coas distintas áreas implicadas, o programa propón o establecemento de estratexias de comunicación que permitan coordinar eficazmente as necesidades e posibilidades de colaboración, determinando procedementos e actuacións previas necesarias vinculadas ás diferentes áreas do Concello, no caso de eventos realizados na vía pública, etc.

É de novo unha satisfacción para nos, animarvos a continuar propoñendo a celebración de eventos deportivos na nosa cidade, polo que vos animamos a que sigades impulsando os vosos proxectos deportivos, ao tempo que aproveito para informamos de que o prazo para que remitades a **solicitud de autorización e inclusión dos vosos eventos no calendario do primeiro semestre do ano 2019 abarca desde hoxe ata o vindeiro 7 de decembro, debendo remitir a solicitude tipo a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo.**

Tedes toda a documentación na web da Concellería de deportes <https://deportes.vigo.org/>

No caso de que teñades calquera dúbida, podedes poñervos en contacto co persoal da Concellería de deportes para intentar resolvela.

Como sempre, quedo á vosa disposición para o que necesitedes, e agardo contar cos vosos proxectos para continuar fortalecendo o proxecto deportivo da cidade.

Vigo a 19 de novembro de 2018

O Concelleiro de Deportes



Asdo. José Manuel Fernández Pérez